

AVISO XURÍDICO IMPORTANTE

O presente texto está destinado únicamente ao seu uso como instrumento documental e non ten carácter vinculante nin validez xurídica algunha. Para fins xurídicos consulte os textos legais publicados nos boletíns oficiais.

Polo tanto, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela non se fai responsable do seu contido.

INFORME SOBRE AS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS QUE QUEDAN SUSPENDIDAS E NON PODERÁN REALIZARSE E SOBRE AS QUE SI PODERÁN REALIZARSE BAIXO O CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE SEGURIDADE NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO

Dada as dúbidas suscitadas ao respecto e a diversa normativa, tanto nacional como autonómica publicada nos últimos días, a Cámara de Comercio de Santiago elaborou este **documento explicativo** onde se recopilan as actividades empresariais que poderán ou non realizarse e, no seu caso baixo que requisitos, dacordo co disposto na normativa que se indica a continuación:

- *Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.(DOG nº 50-bis do 13/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro en

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200313/2256/AnuncioG0244-130320-1_gl.pdf

- *Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise ocasionada polo COVID-19. (BOE nº 67 do 14/03/2020), modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 73 do 18/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro consolidado en

<https://www.boe.es/buscar/pdf/2020/BOE-A-2020-3692-consolidado.pdf>

- *Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia de coronavirus COVID-19 (DOG nº 51 do 15/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro en

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200315/AnuncioG0244-150320-1_gl.pdf

- *Orden SND/257/2020, de 19 de marzo, pola que se declara a suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico, dacordo co artigo 10.6 do Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise ocasionada polo COVID-19.*

Pode consultarse o texto íntegro en

<https://boe.es/boe/dias/2020/03/19/pdfs/BOE-A-2020-3892.pdf>

- *Orde TMA/277/2020, de 23 de marzo, pola que se declaran servizos esenciais a determinados aloxamentos turísticos e se adoptan disposicións complementarias. (BOE nº 82 do 25/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro en <https://www.boe.es/boe/dias/2020/03/25/pdfs/BOE-A-2020-4027.pdf>

- *RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 21 de marzo de 2020. (DOG nº 56 do 22/03/2020)*

Pode consultarse o texto íntegro en

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200322/AnuncioG0244-220320-1_gl.pdf

QUEDAN SUSPENDIDAS E NON PODERÁN REALIZARSE AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NOS ESTABLECEMENTOS QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN, os cales polo tanto **deberán permanecer pechados ao público**:

- 1) TODOS OS **ESTABLECEMENTOS ONDE SE DESENVOLVAN AS ACTIVIDADES DESCRITAS NO ANEXO I** DO REAL DECRETO 463/2020 POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE OCACIONADA POLO COVID-19. *A enumeración realizada non ten ánimo de exhaustividade nin de establecer un numerus clausus dos mesmos, dado que o artigo 10.6, habilita ao Ministro de Sanidade para modificar, ampliar ou restrinxir as medidas, lugares, establecementos e actividades enumeradas, por razóns xustificadas de saúde pública, podendo por tanto ampliar esta suspensión a aqueles outros supostos que se consideren necesarios.*

- 2) **EN ESPECIAL, TODOS OS ESTABLECEMENTOS DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** incluídos no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia, e nomeadamente:

Cines	Salas de bingo	Ximnasia	Bibliotecas
Teatros	Salóns de xogo	Piscinas de competición	Salas de conferencias
Auditorios	Tendas de apostas	Piscinas recreativas de uso colectivo	Salas polivalentes
Circos	Estadios deportivos	Parques acuáticos	Salas de concertos
Establecementos de espectáculos deportivos	Pavillóns deportivos	Salóns recreativos	Restaurantes*
Recintos feirais	Recintos deportivo	Parques multiocio	Salóns de banquetes
Casinos	Pistas de patinaxe	Museos	Cafeterías*
Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas	Salas de Festas	Discotecas -Pubs	Bares*
Centros de ocio infantil	Furanchos	Cafés-espectáculo	

***EXCEPCIÓNS:** Con carácter xeral as **CAFETERÍAS, BARES E RESTAURANTES** permanecerán cerradas ao público, **agás**:

- **Servizos de entrega a domicilio ou para a recollida no local e consumo a domicilio.** Neste caso a permanencia no establecemento será a estrictamente necesaria e manterase a distancia de seguridade necesaria (1-2 metros)

- **Bares e restaurantes ubicados en establecimientos hoteleros** ou no interior das instalacións destinadas á prestación de servizos públicos, sempre que a súa actividade se limite estritamente aos seus clientes aloxados ou aos traballadores das instalacións.

3) **TODOS OS LOCAIS, ESTABLECIMIENTOS E COMERCIOS MINORISTAS, agás:**

- **Os comercios minoristas de alimentación, bebidas, produtos e de bens de consumo de primeira necesidade:** fruterías, carnicerías, pescaderías, panaderías, farmacias, gasolineras, estancos, quioscos e supermercados, establecementos farmacéuticos, sanitarios, centros ou clínicas veterinarias, ópticas e produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, prensa e papelería, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, tintorerías e lavanderías, a actividade de peluquería a domicilio.
- No caso das **grandes superficies** solo poderán abrir a **zona habilitada** con este tipo de servizos.
- Comercio ao retallo de **ferraxaría, pintura e vidro** en establecementos especializados (correspondentes ao epígrafe 47.52 da Clasificación nacional de actividades económicas 2009, CNAE-2009), xa que se trata de actividades que deben subministrar ao sector primario, gandeiro, pesqueiro e agrícola elementos necesarios para a continuación da súa actividade.
- **Ópticas** (incluídas na epígrafe 47.78 da CNAE-2009 ou, se é o caso, en calquera outro).
- **Venda ambulante de alimentación a domicilio en camións tenda** (incluída na epígrafe 47.81 da CNAE-2009).
- A **actividade das lonxas**.
- Os comercios por **correspondencia, telefónico ou Internet**.

NORMAS DE FUNCIONAMIENTO nos establecementos comerciais de primeira necesidade:

- A permanencia nos establecementos comerciais cuxa apertura estea permitida deberá ser a estritamente necesaria para que os consumidores poidan realizar a adquisición de alimentos e produtos de primeira necesidade, quedando suspendida a posibilidade de consumo de produtos nos propios establecementos.
- Evitaranse as aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade de, polo menos, un metro co fin de evitar posibles contaxios.
- Estremaranse as condicións de hixiene e limpeza.

- Todos os establecementos comerciais de primeira necesidade exceptuados da suspensión e que, polo tanto, poden continuar abertos, **TERÁN LIBERDADE HORARIA** para fixaren sen limitacións os horarios dos seus establecementos comerciais.
- En calquera caso, suspenderase a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poda supoñer un risco de contaxio polas condicións nas que se esté desenvolvendo.

4) **CONCESIONARIO DE VENDA DE AUTOMÓBILES** (CNAE-2009, 45.11 Venda de automóviles e vehículos de motor lixeiros), **agás** a relativa a actividade de **reparación de vehículos**.

5) **ACADEMIAS, AUTOESCOLAS E PERRUQUERÍAS**, neste último caso **agás servidos a domicilio por causas debidamente xustificadas**.

Os códigos CNAE-2009 son os seguintes: 85.10 Educación preprimaria; 85.20 Educación primaria; 85.32 Educación secundaria técnica e profesional; 85.41 Educación postsecundaria non terciaria; 85.43 Educación universitaria; 85.44 Educación terciaria non universitaria; 85.51 Educación deportiva e recreativa; 85.52 Educación cultural; 85.53 Actividades das escolas de condución e pilotaxe; 85.59 outra educación n.c.n.; 85.60 Actividades auxiliares da educación; 96.02 Perrucaría e outros tratamentos de beleza.

Porén, se exceptúa e, polo tanto, poderá seguir realizándose a actividade realizada en **gabinetes de psicoloxía e pedagogía**.

6) **ESTABLECEMENTOS BALNEARIOS** regulados na Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas 9 minerais, termais, de manantial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a dos **ESPAZOS TERMAIS E PISCINAS TERMAIS DE USO LÚDICO**, reguladas na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

7) **ALBERGUES DE PEREGRINOS** da rede pública da Xunta de Galicia, se ben se activa un servizo de recollida provisional no albergue público do Monte do Gozo para os peregrinos en tránsito e mentres non dispoñan doutros medios de regreso ou aloxamento.

- 8) **HOTEIS E ALOXAMENTOS SIMILARES, ALOXAMENTOS TURÍSTICOS E OUTROS ALOXAMENTOS DE CURTA ESTANCIA, CÁMPINGS, APARCAMENTOS DE CARAVANAS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES**, situados en calquera parte do territorio nacional. Con carácter excepcional, queda permitida a prestación dos servizos de vixilancia, seguridade e mantemento nestes establecementos. *(Orde SND/257/2020, do 19 de marzo, pola que se declara a suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico, de acordo co artigo 10.6 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19)*

EXCEPCIÓN: Queda permitida a apertura ao público dos establecementos turísticos referenciados que alberguen clientes que, no momento de declaración do estado de alarma, se atopen hospedados de maneira estable e de tempada, sempre que os seus ocupantes conten coas infraestruturas, nos seus propios espazos habitacionais, para poder levar a cabo as actividades de primeira necesidade nos termos que establece o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria.

Con todo, estes establecementos non poderán admitir a novos clientes ata que finalice a suspensión prevista no apartado anterior.

Proceso de peche. O peche producirase no momento en que o establecemento non dispoña de clientes aos que deba atender e, en todo caso, no prazo máximo de sete días naturais desde a entrada en vigor da norma (entrada en vigor 19 de marzo de 2020)

Medidas especiais para a aplicación da ORDE SND/257/2020 dacordo coa *RESOLUCIÓN do 21 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 21 de marzo de 2020. (DOG nº 56 do 22/03/2020)*

1. Habilitaranse en función das necesidades, establecementos de acollida temporal de garda para as persoas usuarias dos establecementos turísticos e que por diferentes circunstancias tanto persoais como laborais non poidan retornar aos seus domicilios ou lugares de orixe no tempo posterior á fin do prazo establecido para o efectivo peche dos establecementos.

2. Poderán **permanecer abertos** aqueles establecementos turísticos que **alberguen clientes** que, no momento da declaración do estado de alarma, estean **hospedados de maneira estable e de temporada**, sempre que os seus ocupantes conten coas **infraestruturas**, nos seus propios espazos habitacionais, para poder levar a cabo as actividades de **primeira**

necesidade. Se non a teñen, porano en coñecemento dos servizos turísticos da respectiva provincia para os efectos de derivar os hóspedes a outro establecemento de acollida temporal.

3. Poderán **permanecer abertos** aqueles establecementos turísticos que sexan necesarios para o **aloxamento dos traballadores dos sectores estratéxicos e de primeira necesidade** definidos no artigo 18 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, é dicir, os traballadores dos operadores críticos de servizos esenciais e das empresas e provedores que, non tendo a consideración de críticos, son esenciais para asegurar o abastecemento da poboación e os propios servizos esenciais. Neste ámbito inclúense expresamente os traballadores que desenvolven funcións de salvamento marítimo e loita contra incendios.

4. Facilitarase a apertura de establecementos para a acollida de **colectivos que polas súas características presenten unha especial vulnerabilidade social** (persoas sen fogar, refuxiados, persoas en risco de exclusión, persoas vítimas de violencia de xénero e outros).

REQUISITOS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS

– Contar coas infraestruturas necesarias para que os hóspedes desenvolvan nos seus espazos habitacionais as actividades de primeira necesidade ou, se é o caso, acceso a servizos necesarios para a cobertura das necesidades básicas de alimentación, incluída a posibilidade de que no propio establecemento se elaboren comidas para os usuarios, que neste caso deberán repartirse de xeito individualizado e respectando as indicacións das autoridades sanitarias.

– Non superarán o límite dun terzo da súa ocupación.

– Os establecementos turísticos aplicarán estritamente todas as medidas de limpeza e hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias.

DECLARACIÓN DE SERVICIO ESENCIAL DE DETERMINADOS ALOXAMENTOS TURÍSTICOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALOXAMENTO A TRABALLADORES. Orden TMA/277/2020, de 23 de marzo, por la que se declaran servicios esenciales a determinados alojamientos turísticos y se adoptan disposiciones complementarias. (BOE nº 82 do 25/03/2020)

Decláranse como servizos esenciais os aloxamentos turísticos indicados no anexo da orde referenciada, que no caso da **demarcación da Cámara de Comercio de Santiago** son:

Comunidad Autónoma	Provincia	Ciudad	Nome do establecemento
Galicia	A Coruña	Boiro	Hotel Jopi
Galicia	A Coruña	Boiro	MS de Escarabote
Galicia	A Coruña	Santiago de Compostela	Apartamentos Cancelas Santiago.
Galicia	A Coruña	Santiago de Compostela	Apartamentos Fogar natural.
Galicia	A Coruña	Santiago de Compostela	Centro Superior de Hostelería de Galicia.
Galicia	A Coruña	Santiago de Compostela	Complexo Monte do Gozo

Os citados establecementos manteranse pechados ao público en xeral pero **deben permitir o aloxamento** daqueles traballadores que deban realizar labores de mantemento, asistencia sanitaria, reparación e execución de obras de interese xeral, abastecemento de produtos agrarios e pesqueiros, e tripulacións dos buques pesqueiros, así como servizos complementarios ás mesmas, no ámbito sanitario, portuario, aeroportuario, viario e ferroviario, alimentario, salvamento e seguridade marítimo, a instalación, mantemento e reparación de redes de telecomunicacións e centros de procesos de datos, subministración de enerxía e auga, subministración e servizos de transporte de mercadorías ou de viaxeiros ligados ás actividades permitidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e a súa normativa de desenvolvemento, así como de servizos esenciais como as **forzas e corpos de seguridade e os traballadores** que deben desenvolver as actividades incluídas nos artigos 17 e 18 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

En todo caso, terán que observar as medidas e instrucións de protección indicadas polo Ministerio de Sanidade tendentes a evitar o contaxio do COVID-19.

Prestación do servizo de aloxamento noutros supostos excepcionais. Os aloxamentos turísticos indicados permitirán o **aloxamento de persoas que deban desprazarse para atender a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade, persoas especialmente vulnerables ou con necesidades de atención sanitaria**, entre outros supostos, de conformidade coas situacións previstas nos apartados b), c), d), e) e g) do artigo 7.1 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como a todas aquelas persoas que por causa de forza maior ou situación de necesidade requiran asegurar aloxamento puntual con urxencia.

Prestación do servizo por outros aloxamentos turísticos. O resto de aloxamentos turísticos que non figuren no anexo poderán prestar aloxamento exclusivamente aos colectivos mencionados. Nese caso, terán que observar as medidas e instrucións de protección indicadas polo Ministerio de Sanidade tendentes a evitar o contaxio do COVID-19.

Prestación doutros servizos. Os aloxamentos a referidos prestarán servizo de restauración e calquera outro servizo que resulte necesario para a correcta prestación do servizo de aloxamento, cando así estean habilitados para iso, **exclusivamente ás persoas que se atopen aloxadas nos mesmos.**

Sen prexuízo do anterior, poderase permitir o **acceso ás instalacións e servizos de aseo e restauración** aos **transportistas profesionais** de mercadorías, aínda que non se atopen aloxados.

En todo caso, na prestación destes servizos terán que observar as medidas e instrucións de protección indicadas polo Ministerio de Sanidade tendentes a evitar o contaxio do COVID-19.

ACTIVIDADES NON AFECTADAS POLA SUSPENSIÓN E QUE, POR TANTO, PODEN PERMANECER ABERTAS (ademáis das excepcións anteriores)

- Actividades sanitarias e de servizos sociais (entre elas, actividades hospitalarias, médicas e odontolóxicas, asistencia en establecementos residenciais).
- Actividades financeiras e de seguros.
- Actividades profesionais, científicas e técnicas.
- Actividades administrativas e servizos auxiliares.
- Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios.
- Actividades de servizos sociais sen aloxamento.
- Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico.
- Lavado e limpeza de pezas téxtiles e de pel.
- Pompas fúnebres e actividades relacionadas.
- **Fisioterapeutas***
- Técnicos de reparación e mantemento.
- Servizos veterinarios.

Nembargantes, por solicitude dos Colexios Oficiais de Logopedas, Podólogos e Fisioterapeutas, dispónse como medida cautelar a **suspensión temporal da apertura ao público dos centros e establecementos de **logopedia, podoloxía e fisioterapia** en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, por non poder garantirse unha asistencia segura aos pacientes ante a situación de illamento, sen prexuízo de permitirse, se é o caso, os tratamentos urxentes ou inaprazables.*